<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias de recepción activa.</li> <li>- Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias básicas de lectura e interpretación.</li> <li>- Progreso no ensino técnico do debuxo. Posibilidades expresivas.</li> <li>- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de uso común utilizados na expresión plástica e visual.</li> <li>- Vocabulario específico de uso común nas artes plásticas e visuais.</li> <li>- Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais.</li> <li>- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.</li> <li>- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.</li> <li>- Representación, de forma persoal, de ideas, accións e situacións, valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.</li> <li>- Experimentación e expresión a través de diversos medios, soportes e materiais de expresión plástica, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Exploración de diferentes técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxel</li> <li>- Valoración, avaliación e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.</li> <li>- Técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos básicos: utilización para a captura e a manipulación de producións plásticas e visuais</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.</li> <li>- Estratexias de recepción activa.</li> <li>- Vocabulario específico de uso común nas artes audiovisuais.</li> <li>- Recursos dixitais de uso común para as artes audiovisuais.</li> </ul>

## Contidos

- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde a perspectiva de xénero.
- Estratexias e técnicas de uso común de composición de historias audiovisuais.
- Xéneros e formatos básicos de producións audiovisuais.
- Características elementais da linguaxe audiovisual multimodal.
- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Rexistro e edición básica de elementos audiovisuais: conceptos, tecnoloxías, técnicas e recursos elementais e de manexo sinxelo.
- Historias audiovisuais sinxelas: composición, de maneira individual e grupal, con intención comunicativa e expresiva, para ser recreadas e narradas.
- Producións audiovisuais. Traballo colaborativo e importancia do proceso dalgúns dos diferentes xéneros e formatos. Introducción á utilización de recursos dixitais e audiovisuais para a elaboración de obras artísticas.
- Producións multimodais: iniciación na realización con diversas ferramentas sinxelas e accesibles. Recoñecemento de características elementais da linguaxe audiovisual multimodal.
- Aproximación ás ferramentas e ás técnicas básicas de animación.
- Mensaxes audiovisuais elementais: experimentación e difusión.
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Esta programación didáctica, tendo en conta o que establece a LOMLOE, basease en dúas liñas metodolóxicas e de actuación:

- O desenvolvemento dun modelo de aprendizaxe e dunha metodoloxía de ensinanza competencial.
- A implementación dun sistema de ensinanza inclusiva que ten en conta todo o alumnado.

Na Educación Primaria a metodoloxía debe ser **ACTIVA**, participativa e flexible, acercar o proceso de aprendizaxe/ensinanza aos contextos reais dos nenos e nenas e partir do nivel de desenvolvemento do alumnado (individual, afectivo, emocional e social) para construír novas aprendizaxes.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, terá en conta os diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe, favorecerá a capacidade de aprender por si mesmos e promoverá o traballo en equipo.

No caso das metodoloxías activas a súa fortaleza reside, principalmente, no seu atractivo para o alumnado, na súa fácil combinación entre elas, na utilización das novas tecnoloxías como recurso, na toma de conciencia e reflexión co entorno, na colaboración con outros axentes, na aprendizaxe autónoma, na flexibilidade e versatilidade e no axuste co desenvolvemento **COMPETENCIAL** do alumnado.

Por tanto, a metodoloxía establecida pretende como obxectivo fundamental que os alumnos/as aprendan dunha maneira autónoma e se desenvolvan en todas as facetas da súa personalidade, sendo os verdadeiros **PROTAGONISTAS** da súa propia aprendizaxe (explorando, manipulando, descubrindo, investigando, participando, seleccionando, cuestionando, analizando, decidindo e respondendo) a través das seguintes liñas, principios e estratexias metodolóxicas xerais:

- **GLOBALIZACIÓN**: pretendendo estimular o desenvolvemento de todas as capacidades físicas, afectivas, intelectuais

e sociais dunha forma global. Calquera actividade ou tarefa realizada polos nenos e nenas pon en xogo mecanismos afectivos, psicomotores, comunicativos, cognitivos, somáticos, de imaxinación, de creatividade e de atención, polo que interrelaciona as distintas áreas de xeito interdisciplinar e transversal para organizar e articular os coñecementos con sentido e intencionalidade en contextos que permiten a súa significatividade.

- DESEÑO UNIVERSAL para a APRENDIZAXE (DUA): ofrecendo unha gran diversidade de recursos e propostas que se adecúen da forma o máis individualizada posible a todo o alumnado para favorecer un ensio o máis INCLUSIVO posible. Estas opcións didácticas permiten que os nenos e nenas se transformen en persoas que aprenden a aprender (motivados polas súas aprendizaxes e preparados para continuar aprendendo durante toda a súa vida) e buscan ser accesibles a TODOS atendendo á diversidade mediante un currículo flexible que se axusta ás necesidades e ós diferentes ritmos de aprendizaxe.

- ENSINANZA INDIVIDUALIZADA: axustándose ás características e peculiaridades individuais de cada alumno e alumna para atender mellor á DIVERSIDADE. A atención individualizada considera as necesidades e diferencias persoais e favorece o principio de IGUALDADE e EQUITADE.

- APRENDIZAXE baseada en PROXECTOS: resolvendo situacións, solucionando retos ou respondendo a preguntas a través dos seus coñecementos, recursos, investigacións, reflexións e cooperación activa na súa contorna máis próxima e de acordo aos seus centros de interese.

- APRENDIZAXE baseada na INVESTIGACIÓN, na RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS e por DESCUBRIMENTOS: aprendendo mediante a exploración e a investigación a través da abordaxe ou de preguntas, da determinación de datos útiles, do análise de probas, de conectar ditas probas con coñecementos preexistentes, de sacar conclusións, de reflexionar e de elaborar hipóteses para favorecer o pensamento CRÍTICO e o pensamento CIENTÍFICO.

- APRENDIZAXE baseada en RETOS: involucrando activamente ao alumnado nunha situación problemática real, relevante e de vinculación coa contorna que implique un desafío e implemente unha solución.

- SOCIALIZACIÓN e COMUNICACIÓN: creando situacións de aprendizaxe nas que atopen momentos para agruparse cos seus iguais, apoiarse e compartir o material. Estas situacións se apoian, na maioría dos casos, no XOGO por consideralo un elemento básico e primordial para o desenvolvemento da atención, a memoria, a linguaxe, a imaxinación e a personalidade ademais de permitir coñecer o comportamento dos adultos e as normas sociais.

- AUTONOMÍA e AUTOXESTIÓN: concedendo ó alumnado o protagonismo das súas propias aprendizaxes, establecendo como importante o PROCESO e non só o resultado e valorando o erro como fonte de aprendizaxe.

- AFECTIVIDADE: asegurando unha perspectiva socioemocional onde o alumnado se sinta querido e poida contribuír á formación dunha imaxe axustada e positiva de si mesmo (autoconfianza e perseverancia). A relación entre o profesorado e o alumnado se debe establecer dentro dun ambiente DEMOCRÁTICO, con relacións de comprensión, amor, aceptación, confianza mutua e respecto.

- LIBERDADE e CREATIVIDADE: favorecendo os coñecementos potencialmente significativos e funcionais e potenciando a autonomía e a produción persoal, empregando a información proporcionada polos MEDIOS TECNOLÓXICOS e utilizando de xeito eficiente diferentes ferramentas e dispositivos dixitais.

- MANIPULACIÓN: sendo determinante para a o correcto paso entre os conceptos concretos e os abstractos e fundamental para vencilar as aprendizaxes curriculares coa realidade.

- APRENDIZAXE COOPERATIVA: propiciando a resolución conxunta de tarefas e problemas, potenciando a atención á diversidade e fomentando a paz, a convivencia, a igualdade e a INCLUSIÓN nos encontros co grupo e a sociedade.

- COEDUCACIÓN: considerando actividades de todo xénero en detrimento daquelas asignadas ao xénero e en prol da ruptura de estereotipos.

A profesora vai ser mediadora e guía e permitirá ao alumnado explorar e investigar, fomentando a interacción entre compañeiros e compañeiras, así como o enfrontamento dos problemas, os proxectos e os retos sen ansiedade. Facilitará o desenvolvemento competencial do alumnado, atendendo á diversidade e personalizando os procesos de construción da aprendizaxe, e fixará uns hábitos de traballo.

Ademais, planificará os tempos, os espazos, os agrupamentos e os materiais e recursos, adaptando cada un destes elementos segundo se requira na dinámica da aula e motivará a autoavaliación, a coavaliación e a posta en común con periodicidade.

Cabería concretar as seguintes liñas de actuación para 4º de Primaria na área de Educación Artística e Visual:

- Partirase dos coñecementos previos dos nenos e nenas, tendo en conta as súas aprendizaxes anteriores e o seu desenvolvemento cognitivo, persoal e emocional.

- As explicacións da mestra especialista serán en lingua inglesa e irán acompañadas de apoio visual (linguaxe corporal, xestos, mímica...) con imaxes e vídeos, procurando evitar as traducións na medida do posible.

- Utilizarase unha metodoloxía activa, manipulativa, contextualizada e significativa.

- Realizaranse actividades, producións e traballos plásticos individuais e en equipo (traballo cooperativo).

- Emplearanse unha gran diversidade de materiais e recursos e non se utilizará o libro de texto.



## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
1. Recursos Materiais.
2. Recursos Tecnolóxicos.
3. Recursos Dixitais.
4. Recursos Humanos.
5. Recursos Espaciais.

1. Láminas de diferentes cadros e pintores famosos e flashcards de apoio visual, impresos e fotocopiáveis (elaborados pola mestra de lingua estranxeira ou obtidos de diversas fontes), de carácter funxible (bolígrafo, lapis, goma, pegamento, pinturas, rotuladores, ceras, block de debuxo, cartolinas e papeis variados, periódicos...), de carácter escolar (lousa convencional, libros de consulta, afialapis, tesoiras, pinces, plastilina...), de refugallo e da natureza (tapóns, botellas, caixas, envases, teas, fíos, las, crebadentes, pedras, paos, follas, pallas, area...) e materiais manipulativos e para experimentar.

2. Lousa dixital e proxector, ordenadores (da aula de Polos Creativos), impresora 3D, plotter...

3. Vídeos e imaxes educativas, aula virtual, páxinas Webs e Blogs, programas informáticos e Apps variadas.

4. Mestra especialista en lingua inglesa e unha auxiliar de conversa (a tempo parcial).

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación é un proceso de toma de decisións, debe formar parte dos procesos de aprendizaxe e ensino e ser reguladora e autorreguladora da aprendizaxe.

Polo tanto, a avaliación inicial de 4º debe recoller información relevante do alumnado sobre o seu nivel competencial e o desenvolvemento das súas capacidades a través dos coñecementos, habilidades, destrezas, valores e actitudes que posúen na área de Educación Plástica e Visual xunto co nivel de coñecementos na lingua inglesa. Ao mesmo tempo, esta avaliación inicial servirá para determinar o clima da aula e das relacións que se establecen entre o alumnado.

A data prevista para a súa realización será ao comezo do curso escolar (ata mediados de outubro).

A recollida da información efectuarase mediante diversos procedementos como a observación, diversas actividades plásticas e visuais e dinámicas de cohesión para favorecer tamén a boa relación do grupo. Incluirase unha revisión dos informes persoais do ano anterior completados con outros datos aportados polo titor e a orientadora mediante entrevistas sobre as características e necesidades do alumnado (personalidade, motivación e intereses), o seu nivel de autonomía, os resultados académicos do curso anterior, os plans de reforzo (de ser o caso), o entorno socio-familiar... Non se pretende coñecer tódolos aspectos que se poden avaliar na área, senón solo aqueles que sexan máis relevantes.

Tras a avaliación inicial, a mestra que imparte a materia realizará unha valoración dos resultados (análise e interpretación da información recollida) co fin de determinar os coñecementos previos do grupo (punto de partida das novas aprendizaxes na área de Educación Plástica e Visual e o seu nivel competencial en lingua inglesa); establecer os seus centros de interese (para poder crear e planificar actividades axustadas ao seu nivel, motivadoras e significativas); identificar se existen dificultades individuais ou grupais; localizar aquel alumnado que precise apoio ou reforzo e adoitar as medidas de atención á diversidade necesarias; e comprobar, axustar e tomar as decisións curriculares pertinentes no proceso de aprendizaxe e ensino, na metodoloxía e na programación de aula.

Todas estas informacións e valoracións gardaranse e teranse presente ao longo do curso para ir valorando o avance de cada neno e nena.



## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	34	33	33	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

### Criterios de cualificación:

A avaliación permite recoller, en cada momento, a información necesaria para poder realizar os xuízos de valor oportunos que faciliten a toma de decisións respecto do proceso de aprendizaxe-ensino. Como é un elemento fundamental e inseparable da práctica educativa, non se pode circunscribir a un só aspecto ou momento senón que se debe estender ao longo de todo o proceso educativo de forma global e sistemática.

Para levar a cabo a avaliación teranse en conta os criterios de avaliación recollidos no Decreto 155/2022. Ditos criterios de avaliación determinan o grao de adquisición dos obxectivos por parte do alumnado, polo que se presentan vinculados a eles na área de Educación Plástica e Visual.

Para obter a cualificación na avaliación continua ao longo do curso se terá en conta o rexistrado nas táboas de indicadores utilizadas en cada UD, prestando especial atención aos avances que teña experimentado cada neno e nena dende o momento da avaliación inicial e/ou anterior. Na cualificación final, a nota extraeráse da media ponderada obtida entre as cualificacións dos tres trimestres que compoñen o curso.

Para cualificar cada unidade didáctica se empregarán os seguintes instrumentos e procedementos:

- Instrumentos: táboas de indicadores tales como rúbricas, listas de cotexo ou control, escalas de observación...

- Procedementos: observación directa e sistemática (participación nas actividades de aula), traballos en grupo e individuais, recompilación de producións artísticas e visuais, realización de proxectos...

A porcentaxe das táboas de indicadores están establecidas en cada unidade didáctica para cada criterio de avaliación.

### Criterios de recuperación:

Tendo presente que durante a etapa de Educación Primaria a avaliación é contínua e global e o currículo competencial, o alumnado que non acade os mínimos establecidos poderá recuperar aqueles aspectos non superados no seu momento rematando ou reelaborando producións artísticas e visuais baseadas nos contidos traballados con anterioridade.

No momento actual de inicio do curso ningún alumno ou alumna posúe adaptación curricular pero algúns deles asisten a apoio co profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe, polo que nestes casos, e se se considerase necesario, poderían realizarse algunhas adaptacións non significativas de acordo ás características específicas de cada un deles.

## 6. Medidas de atención á diversidade

De conformidade ao artigo 3 do Decreto 229/211, do 7 de decembro, se entende por Atención á Diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Estas medidas poden ser:

- Medidas ordinarias. Todas as que faciliten a adecuación do currículo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado. Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferencias en competencia curricular, motivación,

intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas para o nivel.

- Medidas extraordinarias, son todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, nos elementos de acceso ao currículo. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou se estas resultan insuficientes.

Polo tanto, priorizarase a atención personalizada, a realización de diagnósticos precoces e o establecemento de mecanismos de reforzo, os cales se deberán de poñer en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe (tanto organizativas como curriculares).

O departamento de orientación será o encargado de xestionar e coordinar as actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Este é un alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, por presentar necesidades educativas especiais (discapacidade ou de trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe), por retraso madurativo, por trastornos no desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos da atención ou da aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por estar en situación de vulnerabilidade socioeducativa, por altas capacidades intelectuais, pola incorporación tardía ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

A atención a estes nenos e nenas que presentan necesidades educativas rexerese polos principios de inclusión e normalidade e abranguerá a todos os alumnos que, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, requiran determinados apoios, reforzos ou atención educativa específica.

As medidas de atención á diversidade que se adopten seguirán os seguintes criterios e principios:

- Establecer apoios ou reforzos en función da avaliación das necesidades individuais ou grupais, realizada dende o departamento de orientación e en colaboración co equipo docente, e sempre con carácter flexible.
- Apoiar ou reforzar no grupo ordinario (dentro ou fora da aula), en agrupamentos flexibles e/ou mediante adaptacións do currículo, tendendo cara ó maior grado posible de integración no grupo de referencia e a seguir o currículo ordinario na maior medida posible.
- Utilizar o Deseño Universal para a Aprendizaxe (DUA).
- Propor actividades e tarefas variadas, significativas, motivadoras e adaptadas aos distintos niveis de dificultade.
- Desenvolver actividades integradas e cooperativas, onde os estudantes compartan aprendizaxes e intereses.
- Planificar actividades de afondamento (nivel maior de complexidade) para aqueles alumnos/as que teñen un ritmo de aprendizaxe máis rápido (fast finishers activities).
- Promover titorías entre iguais.

No momento actual no curso de 4º dúas alumnas presentan dificultades de aprendizaxe, outra dislexia e un neno está diagnosticado con TDH pero ningún deles posúe adaptacións curriculares en ningunha das áreas.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Fomento da creatividade.	X	X	X
ET.2 - Igualdade entre homes e mulleres.	X	X	
ET.3 - Educación para a paz e prevención e resolución de conflitos.		X	
ET.4 - Educación para a saúde.	X		
ET.5 - Educación medioambiental.		X	X
ET.6 - Educación emocional e en valores.	X	X	X

#### Observacións:

Os elementos transversais non pertencen exclusivamente a unha área en concreto, senón que deben ser abordados ao longo de todas elas.

En ocasións, algúns elementos transversais estarán presentes ao longo de todas as unidades didácticas mentres que outros serán traballados en unidades didácticas concretas. Aínda que todos os elementos transversais poderían relacionarse con todas as unidades, marcamos solo aquelas nas que o elemento transversal está presente dun xeito claro. Pode acontecer, que por cuestións de actualidade, un tema que non estaba previsto tratalo inicialmente, resulte importante desenvolve-lo nun momento determinado do curso.

Na área de Educación Plástica e Visual cómpre aproveitar o momento no que un elemento transversal é abordado na aula ordinaria polo titor ou na aula de lingua inglesa, sendo necesaria a coordinación tanto para escoller o contido como para decidir a maneira de tratalo co grupo.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Decoracións para celebrar distintas conmemoracións relacionadas coa cultura da lingua inglesa e co centro.	En aulas e corredores por Halloween, Christmas, School Day for Peace and No-Violence, Carnival, Easter, World Book Day, World Environment Day, Magosto, 25N, 8M, Día das Letras Galegas, Semana da Discapacidade, Semana da Prensa, Semana STEM...	X	X	X
Exposicións dos traballos plásticos realizados.	Expoñeránse en diferentes espazos do centro: corredores, patio, espazos comúns....	X	X	X
Obradoiros relacionados co tema do proxecto anual.	Algúns destes obradoiros terán unha parte de creación artística.	X	X	
Visita a museos.	O obxectivo é aprender a coñecer e respectar as distintas manifestacións culturais e artísticas.			X

### Observacións:

En relación as Actividades Complementarias e Extraescolares, remitímonos ao especificado no apartado de actividades complementarias e extraescolares da PXA do noso centro para este curso 2024-25.

Resulta fundamental a planificación e realización de actividades complementarias dado que buscan proporcionar ao alumnado unhas aprendizaxes vivenciadas, utilizan recursos distintos ós das aula e ademais pretenden consolidar contidos traballados ao longo do curso, sen prexuízo de que poidan xurdir outras actividades ou propostas interesantes para levar a cabo noutros momentos do ano.

O feito de realizar actividades fora do ámbito habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas resulta moi motivador para o alumnado, serve de catalizador para a consolidación destas aprendizaxes e reforza os elementos transversais traballados.

O aproveitamento destas actividades na aula de Educación Plástica e Visual esixe un traballo de coordinación e planificación entre a especialista de Lingua Inglesa e o titor. Polo tanto, non se trata de facer actividades complementarias en cada unha das unidades didácticas senón de aproveitar o traballo feito na aula ordinaria, na aula de inglés e no centro.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Cumplíuse a temporalización programada nas distintas unidades didácticas.

Deseñáronse e secuenciáronse correctamente as UD a partir dos elementos do currículo.
Ponderáronse axeitadamente os criterios de avaliación.
Adecuouse o grao mínimo de consecución fixado para cada criterio de avaliación.
Vinculáronse correctamente as medidas de apoio e reforzo aos criterios de avaliación.
Enunciáronse os elementos transversais axeitados para ser desenvolvidos ao longo do curso.
Desenvolvéronse as actividades complementarias previstas.
Desenvolvéronse os procedementos de seguemento, avaliación, revisión e mellora da programación ao longo do curso.
<b>Metodoloxía empregada</b>
Incorporouse á información da avaliación inicial á práctica docente.
Deseñáronse actividades DUA, variadas e adaptadas ás distintas características do alumnado.
Creáronse actividades motivadoras e significativas.
Utilizáronse distintas estratexias metodolóxicas en función dos contidos a tratar.
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
<b>Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos</b>
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado nas diversas propostas.
Combinouse o traballo individual e en equipo.
Ofrecéronse ao alumnado os resultados das producións.
Incorporouse o uso das TIC ao proceso de aprendizaxe-ensino.
Aproveitáronse os materiais e os recursos da aula e do centro.
Achegáronse ás distintas culturas á aula.
<b>Medidas de atención á diversidade</b>
Adaptouse axeitadamente o nivel de dificultade das actividades ás características do alumnado.
Ofrecéronse explicacións xerais a todo o alumnado e individualizadas a quen o precisara.
Identificáronse necesidades de apoio e reforzo no alumnado.
Adoptáronse medidas curriculares axeitadas para atender ao alumnado con NEAE.
Adoptáronse medidas organizativas axeitadas para atender ao alumnado con NEAE.

Clima de traballo na aula
Creouse un ambiente agradable, respectuoso e de compañerismo na aula.
Identificáronse os intereses, gustos e prioridades do alumnado.
Promovéronse traballos colaborativos e cooperativos para que o alumnado interactuase e se axudase.
Potenciouse a reflexión e o sentido crítico na aula e fora dela.
Fomentouse a creatividade e a orixinalidade nas creacións.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Coordináronse a mestra, o titor e a auxiliar de conversa.
Mantívose un contacto periódico coas familias por parte de todo o equipo docente.
Implicouse ás familias no traballo do alumnado.

### Descrición:

Na avaliación do proceso de ensino e da práctica docente se deben ter en conta os indicadores de logro para coñecer e revisar a información e as accións do profesorado, co fin de optimizar a labor docente.

A recollida desta información realizarase ao finalizar cada unidade didáctica. O instrumento que se empregará será unha lista de control que conterá os indicadores de logro que se acaban de indicar, especificando o grao de consecución (valoraranse do 1 ao 4, sendo o 1 o valor mínimo e o 4 o máximo).

No caso de non acadar o indicador de logro proposto, se analizarán as posibles causas e se proporán as medidas correctoras necesarias para conseguilo.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación é un elemento flexible que debe adecuarse á realidade do alumnado, polo que está suxeita a ser revisada con continuidade, podendo introducir modificacións e melloras ao longo de toda a súa posta en práctica.

Os resultados de avaliar a programación proporcionarán información esencial para a toma de decisións co fin de modificar, de ser o caso, aqueles aspectos do proceso de ensino e aprendizaxe que son susceptibles de mellora (metodoloxía, recursos, tarefas...) e de detectar as dificultades de aprendizaxe para poñer en marcha mecanismos para paliarlas. Por tanto, a finalidade última será que o alumnado acade os obxectivos propostos e desenvolva as competencias establecidas.

Na avaliación da programación se terán en conta os seguintes indicadores de logro:

- Comparar a planificación curricular co desenvolvemento da mesma.
- Permitir un seguimento da temporalización.
- Presentar unha coherencia gradual lóxica dos obxectivos, criterios de avaliación e contidos ao longo do seu desenvolvemento.
- Lograr a consecución dos niveis mínimos fixado para cada criterio de avaliación.
- Adecuar e aproveitar as actividades complementarias.
- Axustar a práctica docente as características e os centros de interese do alumnado da aula.
- Detectar dificultades e problemas na práctica docente.
- Adecuar os materiais didácticos e curriculares.
- Garantir e mellorar as medidas de atención á diversidade.
- Prever mecanismos de recuperación, repaso, ampliación e reforzo.
- Dispoñer de mecanismos de revisión e mellora en función das necesidades de aprendizaxe ou docencia.
- Realizar revisións periódicas.

A recollida de toda esta información e análise que servirá para reflexionar sobre todos estes aspectos se levará a cabo ao final do curso escolar. Pero dada a súa flexibilidade, podera revisarse, adaptarse e establecer medidas correctoras ou de mellora en calquera momento que se precise.

Polo tanto, estas medidas serán adoptadas tras a revisión e as posibles modificacións e irán en función dos resultados

obtidos polo alumnado, das necesidades detectadas, das observacións realizadas por parte do profesorado no proceso de ensino e a práctica docente e dos indicadores de logro da programación non acadados.

## **9. Outros apartados**